

Adam Smith



Eduardo L. Giménez
Universidad de Vigo

Adam Smith

Eduardo L. Giménez

Universidade de Vigo

Publicado polo European Liberal Forum asbl, con o apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsabel polo contendo da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son os dos respectivos autores e non reflecten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright @ 2012 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida en calquer formato ou por quaisquer meios, con a autorización previa por escrito do editor. Quaisquer cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en www.liberalforum.eu , www.galidem.eu ou www.liberal-social.org.

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia

Rua Rua do Bispo Lago 33,

E36700 Tui (Galiza), España

www.galidem.eu

galidem@galidem.eu

MLS - Movemento Liberal Social

Rua Ramalho Ortigão, 31, CV DTA

1070-228 Lisboa . Portugal

www.liberal-social.org

secretariado@liberal-social.org

Ficha Técnica:

Título: Adam Smith

Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. II. Autores Liberais.

Autor: Eduardo L. Giménez

Editor: European Liberal Forum asbl

Portada: Adam Smith.

Revisión lingüística: Mauro Giménez Fernández

Imprime: *Faster Print*

Palabras chave: Adam Smith, liberalismo, liberal, economía, pensamento liberal.

Índice

1.	Vida	p. 1
	Sabías que...	p. 5
	Actividades	p. 7
2.	O debate sobre a sociedade nos séculos XVI-XVIII	p. 8
2.1.	Por qué non existían “economistas” antes dos séculos XVI-XVIII?	p. 8
2.2.	Un novo mundo despois da Idade Media	p.10
2.3.	O problema do pensamento social moderno	p.12
	Sabías que...	p.14
	Actividades	p.17
3.	A Teoría dos Sentimentos Morais	p.18
	Sabías que...	p.20
4.	Unha Investigación sobre a Natureza e as Causas da Riqueza das Nacións	p.21
4.1.	Cómo é que fai a sociedade para sobrevivir en harmonía?	p.21
4.2.	Cara ónde vai a sociedade? O marabilloso mundo de Adam Smith	p.25
4.2.1.	A división do traballo	p.26
4.2.2.	A acumulación de capital	p.29
4.3.	Comentarios finais ao libro	p.31
	Sabías que...	p.33
5.	Conclusións: o legado de Adam Smith	p.35
	Para saber máis...	p.38
	Resumo	p.39
	Actividades	p.41

Adam Smith é, xeralmente, recoñecido como o fundador da ciencia económica. Hoxe en día é reclamado por moitos como o defensor do libre comercio, a eliminación de trabas nos mercados, a non intervención do Estado na economía, e o campión do *laissez faire* e a liberalización económica. Por outros é denostado por apoiar ao capitalismo salvaxe, á explotación dos máis febles da sociedade, e en xeral ser o responsabel das consecuencias máis perniciosas do sistema capitalista. Mais, ... quén era Adam Smith?

Adam Smith representa o arquetipo do profesor universitario: distraído e ensimismado nas súas ideas e pensamentos, tiña “ensoñamentos” dos que despertaba nos lugares máis insospeitados. Nunha ocasión, paseando cun amigo ía tan absorto na discusión que sostíñan, que caíu nun buraco; noutra, nun dos seus ensoñamentos, saíu da súa casa en pixama e, tras camiñar varios kilómetros, despertoulle o repinicar das campás á saída da xente da igrexa. Padecía un problema nervioso, co que ocasionaba un curioso xeito de andar que un coetáneo chamou “vermicular” —como á dun verme—, e un involuntario movemento continuo nos beizos. Isto non quitaba para que os seus colegas e amigos o admiraran e respetaran, e os seus alumnos o veneraran.

A vida de Adam Smith xirou fundamentalmente ao redor do mundo académico. Naceu en Kirkcaldy, Escocia, en 1723. Comenzou os estudos de Filosofía Moral na Universidade de Glasgow en 1737, cando contaba con 14 anos que era a idade normal de acceso á Universidad naquela época. Foi alumno de Francis Hutcheson, un importante filósofo empiricista escocés. Entre os anos 1740 e 1746 realizou unha estadía na Universidade de Oxford cunha bolsa para estudar linguas clásicas e estranxeiras. Mais Oxford non era o centro de saber que coñecemos hoxe: os profesores nin siquiera intentaban aparentar que non impartían aulas, e Smith pasou todos eses anos sen mestres nen lizóns entregado ás leituras que lle apetecían. En 1748 retorna a Escocia, e entre 1748 e 1751 imparte aulas como Profesor en Edimburgo,




Figura 1.1. Escocia, terra natal de Adam Smith. Smith naceu en Kirkcaldy en 1723, foi profesor nas universidades de Edimburgo e de Glasgow —na que foi alumno, ocupou a Cadeira de Filosofía Moral e, ao final da súa vida, ocupou o posto honorífico de Reitor—, e finou en Edimburgo en 1790.

universidade na que coincidiu co seu grande amigo David Hume —outro grande filósofo empiricista escocés. No ano 1750 obtén a Cadeira de Lóxica na Universidade de Glasgow, e en 1752 ocupa a Cadeira de Filosofía Moral: é dicir, Adam Smith non só non era un “economista”... senon que era un *filósofo*! Por qué? Ben, porque a parte do saber que hoxe chamamos “*Economía*” estaba integrada —máis ou menos— dentro da Filosofía Moral, que se dividía en catro áreas: Teoloxía Natural, Ética, Xurisprudencia e Economía Política. En 1759 publica o libro ***A Teoría dos Sentimentos Morais***, un libro sobre ética que se convertiu nun *best-seller* da época mesmo no estranxeiro. Na Alemaña, “O problema de Adam Smith” (*Das Adam Smith Problem*) tornouse nun tema favorito de debate. Smith convertiuse nunha celebridade. A xente parábao na rúa para discutir sobre o contido do libro e preguntarlle a súa opinión.

A súa sona non pasou desapercibida para Charles Townshend, un estudoso da filosofía e da política que chegarí a ser Ministro británico de Finanzas. Townshend casara en 1754 ca condesa de Dalkeith, a viúva do Duque de Buccleuch, e viuse na obriga de procurarlle un tutor para o fillo da súa

dona. A educación dun xoven da nobreza británica consistía principalmente na *Grande Viaxe*, unha visita á Europa continental onde adquirir finura e refinamento. Townshend pensou que Smith sería o acompañante ideal para o xoven Duque, e ofreceulle 500 libras ao ano, máis os gastos da viaxe, e máis unha pensión vitalicia de 500 libras. Unha oferta moi tentadora para poder rehusala, logo que Smith gañaba un máximo de 160 libras anuais, que era o pagamento que os profesores recibían directamente dos seus alumnos en Glasgow. Así en 1764 renuncia á docencia para ser o tutor do xoven Duque. Smith tentou devolverlle aos seus estudantes o diñeiro, mais —conta a historia— éstos rehusaron o diñeiro indicando que xa tiñan sido máis que compensados cas súas aulas.

En 1764 o tutor e o xoven Duque parten para a Franza. A viaxe permitiulle coñecer a diferentes pensadores da época. En Xinebra visitou a Voltaire. En Paris a Anne Robert Jacques Turgot —quen chegaría a ser Ministro de Luis XV— e a François Quesnay—doutor na corte do Rei Luis XV e médico personal de Madame Pompadour—, ambos os dous pertencentes a un grupo que se facían chamar *les économistes* (“os economistas”). En 1766, a viaxe interrúmpese ao finar repentinamente o irmán do Duque. Smith retorna co seu discípulo ás Illas Británicas, e retírase a Kirkcaldy á casa da súa nai, onde pasará os seguintes dez anos traballando nun libro que encetara na Franza. A maior parte do libro foi dictado de pe, frotando nerviosamente a cabeza contra a lareira até deixar unha mancha escura.

En 1776 publica ***A Riqueza das Nacións*** un monumental tratado de economía, política e fiscalidade, cando está vivindo en Londres. A sona de Smith multiplicouse de tal xeito que, en 1778, ofrécenlle o cargo de Comisario de Alfándegas de Edimburgo, o cal sendo un defensor do libre comercio entraña certa contradición, mais esto permitiulle retornar a Escocia, vivir de novo ca súa nai até o pasamento dela aos 90 anos, e logo cunha curmá. Smith fina en 1790 mandando queimar 16 volumes de traballos non publicados, seguramente en Xurisprudencia.




Figura 1.2. Placa conmemorativa da casa da nai de Adam Smith en Kirkcaldy. Á volta da viaxe pola Fran-za, Smith voltou á vivir ca sua nai en Kirkcaldy, onde empregou os seguintes dez anos en escribir ***A Riqueza das Nazóns***. (Foto. James Eaton-Lee, GNU Free Documentation Licence.)

Por qué é importante Adam Smith? A sociedade europea cambiara dende o medievo, e precisa- base dunha explicación do que estaba acontecendo. A importancia de Smith reside non tanto na sua grande orixinalidade, senon que conqueriu presentar unha explicación global e sistematizada dese nova sociedade, para o cal outros autores so presentaran anéctodas —como os *mercantilistas*—, ou explica- cións parciais —como os *fisiócratas*.

Estudemos primeiro cales eran os grandes debates sobre a sociedade dos séculos XVI-XVIII, para entender mellor por qué Adam Smith entra no debate para presentar unha explicación a aquel novo “mundo marabilloso.”

Sabías que...

Os mercantilistas.

Os mercantilistas é o nome que se asigna aos autores que tentaron de explicar o mundo económico do século XV até principios do século XVIII. Aínda que é un grupo inconexo de autores, que presentaban anécdotas ou casos particulares máis que unha explicación sistematizada, basicamente teñen en común que consideraban que a posesión e acumulación de ouro era a fonte da riqueza dun país. Así, propugnaban un forte control estatal na economía para conquistar dito atesouramento de metais preciosos.

Os mercantilistas posúen en común os seguintes *principios fundamentais*:

1. Asignaban unha grande importancia ao poder nacional, propugnando un goberno centralizado e forte.
2. Consideraban que o poder nacional dependía da acumulación de (lingotes) de ouro: os metais preciosos son as formas máis desexábeis de riqueza.
3. Se o relevante para a riqueza do país é acumular ouro, consecuentemente
 - Propugnaban **políticas comerciais** con outros países que incentivasen as exportacións e se desincentivasen importacións co fin de aumentar a oferta de ouro no país: a acumulación de ouro requiría superávits comerciais.
 - Apoiaban **políticas proteccionistas** de xeito que se permitise importar materias primas necesarias para a produción do país e se restrinxise a exportación de materias primas para que outros países non producisen bens que competisen cos nacionais, establecendo taxas alfandegarias aos bens estranxeiros que tamén se producisen no país.
 - Sostiñan que era importante establecer **políticas industriais** que favorecesen a industria na-

cional otorgando monopolios. Co fin de garantir a calidade dos bens exportados, esto levou á sobrerregulamentación das características dos bens nacionais producidos.

- Apoíaban **políticas demográficas** para poder dispoñer dunha poboación grande de traballadores con salarios baixos que permitise aumentar as exportacións, co obxecto de incrementar o ouro —e por tanto, a riqueza do país.
- Finalmente, a acumulación de ouro estimulaba a economía logo que incrementaba a oferta de diñeiro e o crédito.

Estas ideas quedan resumidas nas citas de dous autores mercantilistas:

“O Comercio Exterior é o único medio para enriquecer este Reino.” Roger Coque (1670) *Discourse of Trade*.

“O comercio exterior produce riqueza; a riqueza, poder; e o poder preservar o noso comercio e a nosa relixión.” Josiah Child (1690) *Discourse About Trade*

A figura máis sobranceira do mercantilismo foi Jean Baptiste Colbert (1619-1683), Ministro de Finanzas de Luis XIV de Franza, que levou á práctica as ideas mercantilistas. Polo “interese de Franza” creáronse monopolios, reducíronse os días feriados, reguláronse o número de fíos que tiñan que ter os panos producidos, etc. Esta idea francesa —aínda existente— de que exista un Estado grande e forte que apoie a grandes empresas nacionais, provén da época de Colbert.

Adam Smith, no seu libro IV de ***A Riqueza das Nacións***, tardou 200 páxinas en “matar” ao mercantilismo. Porén, como indicaba John Maynard Keynes, as ideas dos economistas nunca morren completamente. Así, considerar que un país é forte cando existen grandes superávits comerciais, a idea de que é importante para a nación posuír grandes empresas nacionais ás que se deben subsidiar por parte do Estado, manter os salarios baixos, e todo isto para acumular máis e que o país sexa máis rico, son ideas dos mercantilistas que aínda perviven na actualidade.

ACTIVIDADES

Os Mercantilistas.

1. Os gobernos dos países frecuentemente promoven políticas comerciais que tentan de protexer ás empresas nacionais co obxecto de incentivar as exportacións e desincentivar as importacións. O argumento é que existan superávits comerciais aumentan a riqueza do país. Son ideas que partillaban os mercantilistas? Discuta se pode ser certa esta idea.
2. A concepción de que un goberno debe promover la existencia de grandes empresas nacionais (por exemplo, grandes monopolios de petróleo ou grandes compañías eléctricas) para aumentar a riqueza dun país, é unha idea que partillaban os mercantilistas? Poña un exemplo dunha grande multinacional do seu país, e discuta se a razón de que o país é rico é precisamente por existir esa grande multinacional.
3. Discuta en clase se a idea de que un país rico é aquel que posúe moito ouro. É unha idea dos mercantilistas? Poña un exemplo dun país rico, e discuta se a razón da súa riqueza é a cantidade de ouro que posúe.
4. Nos países do terceiro mundo, moitos empresarios atópanse co problema de que se pagan moito aos seus traballadores, estes en lugar de vir traballar toda a semana —para gañar máis— só voltan á fábrica cando gastan todo o diñeiro. Isto xustifica unha política de salarios baixos. Explique se esta idea é dos mercantilistas.

2

O debate sobre a sociedade nos séculos XVI-XVIII

Por que foron importantes as aportacións de Adam Smith? Para contestar a esta cuestión precisamos coñecer previamente cá era o entorno social e intelectual que fixeron relevantes as súas aportacións.

2.1 Por que non existían “economistas” antes dos séculos XVI-XVIII?

Encetemos polo principio. Cada sociedade —enxame de abellas, unha manada de lobos, etc.— precisa organizarse para obter alimento, buscar refuxio, etc. Parte desas tarefas son unha consecuencia xenética —as obreiras e o zángao desempeñan diferentes tarefas na colmea—, e parte da propia organización social —existe unha raíña, ou o xefe da manada, aos que siguen os membros destas sociedades. No que respecta aos seres humanos, como é que son capaces de organizarse para obter os recursos que necesitan para poder sobrevivir? Sorprendentemente, esta cuestión carecía de importancia tanto hai tres mil anos como na Idade Media. Por que? Porque os sistemas de organización social existentes daquela non precisaban de explicación algunha.

Expliquémonos mellor. Existen tres sistemas de organización para repartir os recursos e tarefas que precisan para que sobrevivan os seres humanos. Os dous primeiros son os que prevaleceron desde a prehistoria até finais da Idade Media:

1. O primeiro sistema de organización humana está baseado na **tradición**. Escollamos calquer necesidade humana: por exemplo, pan para alimentarse. Para elaborar pan precísanse panadeiros e fornos. Unha forma de conseguir que sempre exista alguén que produza pan é asignar esta tarefa a alguén é continuar unha tradición, frecuentemente familiar. Como o meu pai era un panadeiro e posuía un forno, eu aprendín o oficio de panadeiro, e os meus fillos e netos tamén serán panadeiro.

Agora extendamos toda esta organización a toda a sociedade: agricultores, ferreiros, soldados, mariñeiros, xastres, etc. cuxos fillos e netos serán agricultores, ferreiros, soldados, mariñeiros, xastres, etc., e teremos unha organización da sociedade na cal se está garantido que todas as tarefas necesarias para a supervivencia estén realizadas por algunha persoa da comunidade.

2. O segundo sistema de organización humana baséase no **mandato da autoridade**. Neste sistema o reparto de tarefas para sobrevivir realizaas alguén —el-rei, o faraón, ou os seus conselleiros. Por qué se constrúen pirámides? Porque alguén con autoridade decidiu que había que constuilas e, como se precisan panadeiros para alimentar aos traballadores, decidiu que eu foxe panadeiro. Agora extendamos toda esta organización a toda a sociedade: alguén determina quen é agricultor, arquitecto, soldado, obreiro, etc., e tamén teremos unha organización da sociedade na cal se garante que todas as tarefas necesarias para a supervivencia están realizadas por algunha persoa da comunidade.

Nótese que non hai ningunha necesidade de explicar as actividades que realizan os membros das comunidades humanas nestes dous sistemas de organización humana. Consecuentemente, a explicación das accións individuais é continuar unha tradición ou seguir os ditados de alguén con autoridade que tomou a decisión de qué ten que facer cada un dos membros da sociedade. Non existen decisións que os economistas deban explicar (agás a primeira decisión que estableceu unha tradición, ou a decisión da autoridade que tomou as decisións de organización social). Eis, a razón de por qué non existían filósofos sociais ou economistas nin no reino medieval da Galiza, nin na época medieval do Imperio Carolinxio, nin na época do reino Suevo, nin no Imperio Romano, nin no Imperio de Alexandre *o Grande* é... porque **non** se precisaban, nin eran necesarios. Non había ren que explicar.

Porén, entre os séculos XVI-XVIII aparece un novo sistema de organización humana:

3. O **sistema de mercado**, unha organización humana baseada na liberdade individual, na cal cada persoa decide libremente ser ou non un panadeiro.

Observe que hai dúas cuestións relevantes que temos que contestar neste novo sistema de organización social:

- (i) Cómo é que cambia a sociedade (en concreto a europea) para que se chegue a unha situación na cal a tradición e o mandato da autoridade perden forza e se permite a cada un dos membros da sociedade elixir a actividade que quere desenvolver?; e, máis importante aínda,
- (ii) Pode funcionar un sistema de organización social no cal cada membro de dita sociedade pode decidir realizar as actividades que quere? Eu podo decidir ser panadeiro ou non: de feito calquera podería ser panadeiro; ou cicais ninguén queredría ser panadeiro. Agora extendamos toda esta organización a toda a sociedade: se calquera pode elixir a actividade que quere dentro da sociedade, cómo é que se pode garantir que todas as tarefas necesarias para a supervivencia están realizadas por algunha persoa da comunidade. Qué pasa se ninguén quere ser panadeiro, ou médico? Quedarémonos sen pan e sen alguén que nos cure?

Eis a necesidade de explicar cómo funciona o novo sistema de organización social baseado na liberdade individual, ou mesmo se pode funcionar ou non: e isto é precisamente a misión dos *economistas*. Mais, previamente, precisábanse dunha persoa que foxe a primeira en arroxar luz e presentar unha explicación coherente e sistemática sobre o novo sistema: e éste foi Adam Smith.

2.2 Un novo mundo despois da Idade Media.

Encetemos ca primeira pregunta. Cómo é que cambia a sociedade (europea) para que se chegue a unha situación na cal a tradición e o mandato da autoridade perden forza e se permite a cada un dos membros da sociedade elixir a actividade que quere desenvolver? Xenericamente poderíamos dar cinco razóns que se foron fraguando en Europa ao longo da Idade Media até o século XVIII:




Figura 2.1. Europa en 1390 e en 1700. A aparición de unidades políticas nacionais centralizadas que compartían unha identidade común significou un cambio e unha ruptura das relacións de vasallaxe medievais. (Mapas. *Mapa de Europa de 1360*, Muir's Historical Atlas: (1911), Internet Medieval Sourcebook. *Mapa de Europa Occidental 1700*, University of Texas at Austin a partir de The Public Schools Historical Atlas editado por C. Colbeck, 1905.)

1. **Aparición de unidades políticas nacionais** que compartían unha identidade nacional común. Debílitase as relacións de vasallaxe cos señores feudais, e aparece unha entidade nacional, ca súa lexislación, organización, e exército baixo o mandato de El-Rei.
2. **Expansión do comercio exterior.** En Europa a grande variedade do clima nunha extensión tan pequena do Planeta ocasionou que existisen múltiples variedades de produtos agrícolas (esto contrasta con outras rexións do Planeta, como a chaira norteamericana). Esta variedade permitiu ás novas entidades nacionais especializarse na produción, incentivar o intercambio, e entrar nunha competencia comercial —mesmo bélica—, o que acelerou o proceso de unificación nacional e a necesidade de novas invencións, especialmente aplicadas ao campo militar —por exemplo, os estudos de loxística de Leonardo Da Vinci (1452-1519), Galileo Galilei (1564-1642), etc.

3. **Extensión da análise sistemática a problemas do mundo, en particular físicos, e aparición frecuente de novas invencións.** Ca creación e auxe das universidades aparece a análise sistemática para estudar problemas da natureza —por exemplo, o libro de René Descartes (1637) *O Discurso do Método*. Os científicos buscan patróns naturais na realidade física —por exemplo o descubrimento das leis de equilibrio e da gravitación por Isaac Newton (1642-1727). Aparecen novas invencións como os mapas, a imprenta, o moino de vento, a contabilidade, os contratos, etc.
4. **Xurdimento da moderna idea de individualidade.** Previamente a este período, as persoas estaban vinculadas a determinados roles sociais e ocupacionais. Co debilitamento das relacións de vasallaxe tornouse posíbel para os individuos cambiar o seu status social. A formulación académica deste individualismo se plasma en diferentes obras de autores humanistas, como as de Erasmo de Rotterdam (1466-1536).
5. **Extensión da aceptación social do enriquecemento.** Na Idade Media o obxectivo final que guiaba ás persoas era gañar a salvación eterna, e a avaricia era considerada como un dos pecados capitais. Lentamente, coincidindo coa reforma luterana (século XVI), encetouse a perseguir socialmente o enriquecemento material.

Estes cinco elementos puxeron os alicerces do novo sistema.

2.3 O problema do pensamento social moderno.

Antes de pasar a estudar se pode funcionar un sistema de organización social na cal cada membro da sociedade pode decidir realizar a actividade que quere, presentemos o debate intelectual no que aparecen as contribucións de Adam Smith.

O grande problema do pensamento social moderno era: *Cómo pode ser posíbel a vida en so-*

cidade non guiada pola autoridade, a fe e o costume? A esta pregunta diferentes pensadores do século XV ao XVII deron dúas respostas diferentes.

Unha primeira resposta, debida a Niccolò Maquiavelo (1469-1527) e Thomas Hobbes (1588-1679), argumentaba que o egoísmo natural do home fai que a vida en sociedade sexa **imposíbel**. Por tanto, o Estado absolutista é necesario para a supervivencia e a orde social. Así

- (i) xustifícase o principio da autoridade, baseado no monopolio do poder, sen necesidade de lexitimación; e,
- (ii) xustifícase o principio da autoridade, baseado na violencia como xeito de garantir a obediencia.

A alternativa á que se enfrenta a sociedade é a desmembración social e a lei da selva.

Unha segunda resposta, alternativa á anterior, provén dos empiricistas e moralistas ingleses e escoceses, en concreto de Francis Hutcheson (1694-1746) e David Hume (1711-1776). Estes autores parten dunha hipótese: a existencia dunha “benevolencia” natural, os “sentimentos morais”, que os humanos experimentan sobre outros. Os individuos, ao non seren egoístas por natureza, tenden espontaneamente a asociarse entre eles. Esta é unha “orde natural”, polo que non se precisa de intervención externa na vida en sociedade —nin de Deus, nin do Estado.

A explicación dos empiricistas, porén, presenta dous problemas. O primeiro problema é como xustificar a existencia desta “benevolencia” natural —dos “sentimentos morais”—; os empiricistas escoceses directamente a ignoran, e a toman como unha hipótese. O segundo problema é cómo “casar” o egoísmo individual co benestar social.

Neste debate encuádranse as contribucións de Adam Smith. En 1759 publica o libro **A Teoría dos Sentimentos Morais** que tenta de dar unha resposta ao primeiro problema: por qué existen *sentimentos morais*? En 1776 publica o libro **A Riqueza das Nacións**, que trata de resolver o segundo problema e así resolver a cuestión que nos interesa: cómo funciona un sistema de organización social no cal cada membro da mesma decide egoístamente realizar as actividades que quere?

Sabías que...

François Quesnay, os fisiócratas e o *Tableau Économique*.

“François Quesnay (1694-1774), fillo dun avogado de éxito moderado, era sobre todo un cirurxán-médico. A súa distinguida carreira profesional absorbeu a maior parte da súa enerxía e non deixou máis que para a economía o que un home pode ser capaz de reservar para un hobby apaixonadamente amado. Escribiu un tratado de medicina do sangramento, converteuse en Secretario Xeral da Academia de Cirurxía e editor da súa revista, cirurxán e médico, eventualmente médico primeiro do rei. En realidade, era conselleiro médico de Madame de Pompadour, en quen atopou unha protectora que non só era moi amábel, senon tamén intelixente, feito que lle garantiu unha posición estratéxica na vida intelectual de Versalles e París e debería asegurar á dama a gratitude duradeira dos economistas. El era pedante e doutrinario en tal grao que debeu ser un pesado absolutamente insoportábel.” Joseph Alois Schumpeter (1954, Parte II, Cap.4.3) *Historia da Análise Económica*.

François Quesnay foi o fundador da primeira escola de economía coñecida como **Fisiocracia**, que en grego significa “o goberno da natureza”. Disentían completamente das ideas dos *Mercantilistas* e dos ministros do Rei —como Jean Baptiste Colbert, que fora ministro de Luis XIV—, que afirmaban que a riqueza dun país estaba na acumulación de prata e ouro, e que un forte control estatal na economía apoiando grandes empresas estatales e especialmente á exportación eran necesarias para poder acumular máis ouro e por tanto, incrementar a riqueza do país. Polo contrario, os *fisiócratas* propugnaba a superioridade da “orde natural” sobre a regulación: é dicir, a non intervención do Estado na economía —termo *laissez faire* que eles acuñaron. Alén diso, indicaban que a riqueza orixinábase non no ouro dun país, senon na produción agrícola. Daquela, para aumentar a riqueza do país o que había que apoiar era aos agricultores.

En analoxía co movemento circular do sangue, Quesnay imaxinou un funcionamento similar da economía. Así ideou o *Tableau Économique*, unha simplificación impresionante fronte á complexidade do mundo real, consistente en un pequeno modelo macroeconómico, que describía clases sociais e os fluxos

DÉPENSES PRODUCTIVES relatives à l'Agriculture, &c.	DÉPENSES DU REVENU, l'Impôt prélevé, se partage aux Dépenses productives et aux Dépenses stériles.	DÉPENSES STÉRILES relatives à l'Industrie, &c.
Avances annuelles pour produire un revenu de 600 ^{li} sont 600 ^{li} 600 ^{li} produisent net.....	Revenu annuel de 600 ^{li}	Avances annuelles pour les Ouvrages des Dépenses stériles, sont 300 ^{li}
Productions 300 ^{li} reproduisent net.....	300 ^{li}	Ouvrages, &c. 300 ^{li}
150 reproduisent net.....	150	150
75 reproduisent net.....	75	75
37.10 reproduisent net.....	37.10	37.10
18.15 reproduisent net.....	18.15	18.15
9...7...6 reproduisent net.....	9...7...6	9...7...6
4.13...9 reproduisent net.....	4.13...9	4.13...9
2...6.10 reproduisent net.....	2...6.10	2...6.10
1...3...5 reproduisent net.....	1...3...5	1...3...5
0.11...8 reproduisent net.....	0.11...8	0.11...8
0...5.10 reproduisent net.....	0...5.10	0...5.10
0...2.11 reproduisent net.....	0...2.11	0...2.11
0...1...5 reproduisent net.....	0...1...5	0...1...5
&c.		

Figura 2.2. O Tableau Économique. Quesnay propugnaba a supremacía da agricultura como a fonte de creación de riqueza nun país. O Tableau presentaba esta idea a través das relacións entre tres grupos económicos: os agricultores (a clase produtiva), os terratenientes e a clase estéril (os comerciantes).

entre as mesmas. De feito é a primeira exposición explícita da natureza do equilibrio económico, onde se presenta a interdependencia entre todos os axentes económicos. Nesta representación os agricultores son os únicos que “crean” bens e por tanto a riqueza do país, a cal se espallaba —como o sangue— por toda a economía cara outros grupos da sociedade: os terratenientes recibían as rendas da terra que logo podían gastar en alimentos e outros produtos, e os artesáns, comerciantes e a industria —que denominaba “clase estéril”— que comerciaban e vendían aos agricultores e aos terratenientes.

Na súa visita a París en 1765, Adam Smith quedou moi impresionado co *Tableau Économique*, tanto que estivo pensando en adicarlle o libro que encetara a escribir a Quesnay, que era froito de anteriores discusións co seu amigo Hume en Edimburgo e das súas aulas en Glasgow. De non ser porque o médico finou antes de que Smith o rematara, seguramente tería sido así . O libro titularíase ***A Riqueza das Nacións***.

ACTIVIDADES

Os Fisiócratas.

1. Busque quén eran os Fisiócratas, e presente na aula cales eran as súas principais ideas.
2. As épocas de crise económica levan á xente a perder o seu traballo nas cidades, e moitos plantéxanse voltar ao campo: polo menos o que se produce pódese comer. É daquela cando nos decatamos que “non podemos vivir sen comer, e a economía non pode sobrevivir sen o seu sector básico: os granxeiros son as persoas que alimentan a todos os cidadáns.” É esta unha idea dos fisiócratas? Pode ser certa esta afirmación? Pense e enumere os seus argumentos, presénteos na clase e logo discuta cos seus compañeiros.
3. Discuta en clase se a idea dun país rico é o que se fundamenta na agricultura. É unha idea dos fisiócratas? Poña un exemplo dun país rico, e discuta se a razón da súa riqueza é por ter un importante sector agrícola.

Retornemos á pregunta que soslaian os empiricistas escoceses. *Que é o que fai posíbel para o home vivir en sociedade?* A súa resposta é que existe unha “benevolencia natural” que permite aos humanos vivir socialmente. Mais, *Por que existe dita “benevolencia natural”, eses “sentimentos morais”?* *Por qué nos preocupamos polos outros?*

Adam Smith propoñe no seu libro **A Teoría dos Sentimentos Morais** (*The Theory of the Moral Sentiments*) unha resposta, non moi orixinal, mais unha resposta: os seres humanos teñen unha “*simpatía*” con outros seres humanos. É dicir, posúen unha “*capacidade émpática*” innata para poñerse na situación doutros humanos e entender a súa situación e os seus sentimentos. Observe que isto distingue aos humanos do resto dos animais. Agás no casos da propia familia ou manada, os animais non se interesan uns por outros. O ser humano é racional, mais precisamente esa racionalidade lle permite imaxinarse os sentimentos, sufrimentos, etc. de outros humanos e poñerse no lugar dos outros. Recordemos por un intre a visión popular e os estereotipos de Smith: un pensador que defende o capitalismo que promove o egoísmo e o individualismo, que apoia deixar ao mercado funcionar, e a non intervención do Estado na economía. Leamos agora cómo enceta o seu libro:

“Por moi egoísta que se poida suponer que sexa o home, existen evidentemente algúns principios na súa natureza, que lle fai interesarse polo que lle acontece aos outros, e a felicidade de eles contribúe necesariamente á de el, aínda que ese interese non derive nada máis que o pracer de contemplala.” Smith (1759, Parte I, Cap.I, Sec. I)

A resposta de Smith permite explicar porque os seres humanos poden, en principio, vivir en harmonía en sociedade nunha orde natural. Porén, indica Smith, as veces, a “*simpatía*” é insuficiente, pois non podemos ter unha visión obxectiva das nosas accións persoais, é dicir, poñermos no lugar de outros mais xulgar aos outros cos nosos criterios subxectivos. Por tanto, as sociedades precisan de *regras morais* —xeralizacións de accións que contan ou non con aprobación. Aínda máis, as veces, as regras morais




Figura 3. A Teoría dos Sentimentos Morais. En 1759 Adam Smith publicou este libro de ética no que tentaba de explicar *por qué os humanos nos preocupamos por outras persoas?*, cuestión que preocupaba aos pensadores da época. A súa resposta foi que os humanos temos a capacidade de poñermos no lugar de outras persoas, de entender os sentimentos e situación dos outros. (Foto. Biblioteca da University of Glasgow)

tamén son insuficientes, e as sociedades requiren leis positivas.

A Teoría dos Sentimentos Morais é un libro interesante e, seguramente está minusvalorado. Os economistas non o len, porque non versa sobre economía, e algúns filósofos non o len precisamente porque o escribiu Adam Smith. Porén, Smith tentou dar unha resposta que preocupaba aos pensadores da época e a partir deste libro existe unha tradición en ética sobre o alcance da súa proposta. Aínda máis, o interese do libro tamén reside en que o pensamento ético de Smith sobre a natureza humana que rixe as relacións sociais non entra en contradición ca súa visión de cómo funcionan as relacións económicas, como veremos na seguinte sección.

Resolto o problema da xustificación da existencia da “benevolencia” natural —dos “sentimentos morais”— que explica porqué os seres humanos poden vivir en sociedade, Smith encara o segundo problema: *cómo “casar” o egoísmo individual co benestar social?* A resposta vaise perfilando cas súas discusións con David Hume cando aínda era profesor en Glasgow, e enceta a escribir estas ideas na súa viaxe á Franza. Mais, tras o seu retorno a Escocia en 1766, aínda tardará 10 anos en rematalo. En 1776 publica *A Riqueza das Nacións*.

Sabías que...

Influencias académicas de Adam Smith

A *Lei da Gravitación Universal* presentada por Isaac Newton no seu libro ***Philosophiae Naturalis Principia Mathematica*** (1687), no cal se especificaban as leis que regulaban o mundo físico, tivo un grande impacto sobre outras ramas do saber, e en concreto nas que se referían aos estudos sobre a sociedade. A idea do “equilibrio entre forzas” inspirou a Charles Louis de Secondat (1689-1755), Barón de Montesquieu —un filósofo francés que viviu no Século das Luces—, a proponer no seu traballo ***O Espírito das Leis*** (1748) a separación de poderes entre o Poder Xudicial, o Poder Lexislativo e o Poder Executivo co obxecto de “equilibrar as forzas” do Estado.

Esta idea tamén inflúe na obra filosófica de Adam Smith a través das ideas da orde natural e do empiricismo —en particular dos traballos de Francis Hutcheson (1694-1746) e David Hume (1711-1776), e dos escritos e ideas dos fisiócratas como François Quesnay (1694-1774). A *orde natural* concebía que Deus criara ao mundo xunto cunhas leis que o regulan, e mantívose ao marxe da intervención. Era misión do home descubrir ditas leis. Así como Newton atopou as leis naturais que explicaban o mundo físico que observamos, as relacións humanas debían tamén regularse por leis mecánicas obxectivas, as cales deben ser descubertas. Esta búsqueda das leis naturais que rixen ás sociedades humanas, análogamente á da orde natural do mundo físico, xa era perseguida polos fisiócratas —lembrar que *Fisiocracia* significa “o goberno da natureza”. A súa proclama *laissez faire, laissez passer* fronte ao intervencionismo dos mercantilistas, non era senon un alegato á non intervención do Estado, logo que “perturba” a orde natural criada por Deus.

4

Unha Investigación sobre a Natureza e as Causas da Riqueza das Nacións

En 1776 Adam Smith publica o libro *Unha Investigación sobre a Natureza e as Causas da Riqueza das Nacións* (*An Inquiry into the Nature and Causes of the Wealth of Nations*), un impresionante tratado de economía, política económica, e facenda pública de 1282 páxinas e dividido en 5 partes. O primeiro que se debe comentar é que non é un libro “orixinal”: non presenta ideas que non foran xa presentadas por outros autores anteriormente. Mais onde outros presentaron anécdotas ou explicacións parciais de algún aspecto da realidade, Smith amosou unha panorámica xeral e sistematizada de cómo funcionaba un sistema de organización social no cal cada membro da sociedade escolle libremente que tarefas quere desenvolver.

Cal é o obxectivo do libro? Smith na *Riqueza das Nacións* plantexa dúas preguntas:

1. Como é posíbel que unha comunidade na que cada un persigue activamente o seu propio interese, o resultado **non** sexa o **caos**?; e,
2. **Cara ónde** vai a sociedade?

Á primeira pregunta, Smith resposta presentando as leis que rixen as relacións económicas. A segunda pregunta, como consecuencia da anterior resposta, Smith indica que a sociedade se encamina neste novo sistema de organización humana cara a un maior crecemento e un maior benestar dos membros da sociedade.

4.1. Cómo é que fai a sociedade para sobrevivir en harmonía?

Estudemos a primeira pregunta: cómo é que fai a sociedade para conquistar que se realicen as tarefas necesarias para a súa supervivencia, sen necesidade dunha autoridade central que as planifique? É




Figura 4. Portada de A Riqueza das Nacións da edición de *University Of Chicago Press* de 1977 co prefacio de George J. Stigler, a partir da edición de Edwin Cannan de 1904. O libro trata de respostar dúas preguntas: cómo é posíbel que unha comunidade na que cada un persigue activamente o seu propio interese, o resultado non sexa o caos?; e, cara ónde vai a sociedade?

dicer, Cómo é que fai a sociedade para sobrevivir en harmonía?

Para contestar a esta pregunta, en liña ca visión da existencia dunha orde natural que rixe o mundo en xeral e as relacións sociais e humanas en particular, Adam Smith busca as leis mecánicas obxectivas que guían á sociedade. Eis, a resposta de Smith no libro é describer as “**Leis do Mercado.**” A primeira lei do mercado está intrínsecamente ligada ca natureza humana individual:

- (i) **Primeira Lei do Mercado.** O **interese egoísta** guía as accións individuais de cada un dos membros da sociedade, e actúa como a forza impulsora que leva ás persoas cara calquer traballo que a sociedade poida pagar.

“Non é da benevolencia do carnicero, do cervexeiro ou do panadeiro da que esperamos a nosa cea, mas da consideración que eles teñen polo seu propio interese. Dirixímonos non á súa humanidade, mais á súa autoestima, e nunca lles falamos das nosas propias necesidades, mais das súas vantaxes” Smith (1776 L.I Cap.II).

O panadeiro non se levanta ás 5 da mañá para vendermos pan quente recien saído do forno porque lle caíamos ben, ou o cervexeiro nos ten preparada a cervexa fría porque goste da nosa conversa. Non.

Non é senon o seu egoísmo individual o que lle permite, ao facelo así, obter maiores lucros e gañarse a vida para adquirir outros produtos. Daquela non hai que preocuparse por quén vai realizar as tarefas necesarias para a supervivencia humana, porque o interese egoísta individual ocasionará que se alguén quere un ben ou servizo e está disposto a pagalo (un croissant quente ou unha cervexa fría), haberá algunha persoa disposta a sumístralo se isto lle permite lucrarse e gañarse a vida.

Mais, o interese egoísta individual pode levar a excesos. O egoísmo individual levaría eventualmente ao panadeiro e o cervexeiro a querer vendermos moi caro o alimento que precisamos para sobrevivir. Isto levará a disturbios e loitas entre os membros da sociedade para conquistar os bens necesarios para a súa supervivencia? A segunda lei do mercado disciplina a posibilidade de ditos excesos.

(ii) **Segunda Lei do Mercado.** A **competencia** é o mecanismo regulador que limita os excesos do egoísmo individual.

Por tanto, o egoísmo individual de nos tentar vender máis caro o pan ou a cervexa, ou de contratar máis barato os produtos atópase cun muro: a existencia de un número elevado de competidores dispostos a servirmos pan quente e cervexa fría a un prezo inferior. Os excesos do egoísmo individual son controlados pola competencia.

E cal é o resultado destas leis do mercado? Smith o explicita claramente: a orde natural leva á **harmonía social**.

“[Cada individuo] orientando a súa actividade de tal maneira que a súa produción poida ter maior valor, mira apenas para o seu propio gaño e, neste, como en moitos outros casos, é levado como por man invisíbel a promover un obxectivo do que non era a súa intención. [...] Ao perseguir o seus propios intereses, o individuo moitas veces promove o interese da sociedade moito máis eficazmente de cando tenta realmente promovelos.” Smith (1776 L.IV Cap.II).

Se nos paramos a pensar un momento, o resultado da “harmonía social” é completamente inespe-

rado: temos a moitos individuos que conviven nunha sociedade, comportándose interesadamente e buscando egoístamente o seu propio interese... e o resultado non so **non** é a lei da selva, senon que é un **maior benestar social**. Este é o único párrafo en **A Riqueza das Nacións** no que Smith menciona a “*man invisible*”, mais é moi ilustrativo. O egoísmo individual... promove os intereses da sociedade(!): é unha especie de altruismo involuntario. Mais, cáles son eses intereses da sociedade? Para Smith non é o interese de El-Rei, senon son os intereses de todos individuos que integran a sociedade. O egoísmo do panadeiro fai que o domingo pola mañan calqueira de nós poidamos disfrutar dun almorzo con croissants recién feitos; e o egoísmo do cervexeiro fai que calqueira poida tomar unha cervexa fría cando sae pola noite. O seu egoísmo individual, limitado pola competencia de outros panadeiros e cervexeiros que nos queren servirmos croissants quentes e cervexas frías, mellora o benestar de todos oos membros da sociedade.

Entón, as persoas altruistas, aqueles santos que adican a súa vida aos demais, non loitan polo interese dos membros da sociedade e de feito melloran a sociedade? Smith non nega este punto: de feito non hai nengunha contradicción para el. Lembremos o libro **A Teoría dos Sentimentos Morais** que comentamos na sección anterior. Smith indica que unha característica da natureza humana é que somos capaces de preocuparnos e interesarnos polos demais: sufrir co sufrimento de outros, e disfrutar ca felicidade de outros.

Smith non se refire a esto. Un Adam Smith escéptico prevennos daqueles que nos queren facer crer que se fan as cousas “polo interese nacional” (Por poñer exemplos modernos: impedir manifestarmos “pola seguridade nacional”, coartar o acceso a Internet “para evitar calumnias aos cidadáns na rede”, etc.). Á cita anterior de **A Riqueza das Nacións**, Smith cinicamente prosigue:

“Nunca ouvín dicir que se teñan realizado grandes cousas para o país, aqueles que simulan exercer o comercio buscando o ben público.” Smith (1776 L.IV Cap.II).

Observe que é un ataque frontal aos mercantilistas, e á súa idea de que a intervención estatal regulando a vida dos membros dunha sociedade é boa e necesaria “polo interese xeral”(!). Daquela, se non nos podemos fiar daqueles que (supostamente) actúan no interese xeral, debemos fiarnos dos empresarios e a

xente de negocios? Tampouco!! Comenta Smith, non menos cínicamente:

“As persoas da mesma profesión poucas veces se reúnen xuntas, mesmo para disfrutar de momentos de alegría e diversión, mais o tema de conversación remata nunha conspiración contra o público, ou nalgún artificio para aumentar os prezos.” Smith (1776 L.I, Cap.X, Parte 2).

Entón, se non nos podemos fiar dos que nos falan do ben común, nin dos empresarios... en qué podemos fiarnos para garantir o benestar dos membros dunha sociedade? A resposta de Smith está nas Leis do Mercado: (i) en garantir que os membros da sociedade tomen as súas decisións egoístas libremente, e (ii) en asegurar a competencia entre ditas decisións egoístas individuais. A liberdade individual limitada pola competencia é a que promove o benestar social.

4.2. Cara ónde vai a sociedade? O marabilloso mundo de Adam Smith

E este novo sistema, rexido polas Leis do Mercado, cal é a súa finalidade? Cara ónde vai a sociedade? Smith argumenta que a evolución da sociedade vai encamiñada ao crecemento económico, pero un crecemento económico para quen? Para os mercantilistas o benestar dun país, o seu crecemento tiña como obxectivo aumentar a riqueza de el-Rei. Para Smith non: o crecemento económico debe redundar no beneficio de *toda* a sociedade:

“Nengunha sociedade pode ser floreciente e feliz, se grande parte dos seus membros son pobres e miserábeis.” Smith (1776 L.I Cap.VII).

E cales son as claves para a ese crecemento económico que redundará no benestar de todos os membros da sociedade? Para Smith as claves son dúas:

- i) A **división do traballo**, que é a que dispara o crecemento; e,
- ii) A **acumulación de capital**, que é a que guía o crecemento económico.

Esto ocasiona un **ciclo virtuoso**: a maior división do traballo, os produtos son máis especializados, o

que expande o tamaño dos mercados e ocasiona maior produtividade do traballo; esto leva, novamente a unha maior especialización (maior división do traballo). Estudemos este círculo virtuoso con detalle.

4.2.1 A división do traballo

Recorde o título do libro “*Unha Investigación sobre a Natureza e as Causas da Riqueza das Nacións*”. Por qué os países son ricos? Cáles son a natureza e as causas da riqueza dos membros destas sociedades ricas?

Os mercantilistas —aquel grupo inconexo de autores que tentaron de explicar o mundo económico do século XV até principios do século XVIII— respostaban que un país era rico cando tiña acumulado moito ouro e metais preciosos. Como a cantidade de ouro estaba fixa, a riqueza dun país ocasionaba a pobreza de outro país. A resposta de Smith é completamente diferente. En *A Riqueza das Nacións*, no seu capítulo 1 do Libro 1 titulado *Da división do traballo*, Smith enceta o seu libro:

“A principal mellora nas forzas produtivas do traballo, e a maior parte da habilidade, destreza e bo senso, cos cales en calquer parte o traballo é dirixido ou executado, parece ter sido resultado da división do traballo.” Smith (1776 L.I Cap.I).

E logo, qué é isto da división do traballo? Por que é a causa do crecemento económico? O mesmo Smith nos aporta un exemplo na manofatura máis sinxela: *A fábrica de alfinetes*.

“Tomemos, [...] un exemplo, tirado dunha fábrica moi pequena, mais na cal a división do traballo moitas veces ten sido indicada: a fabricación de alfinetes. Un operario non treinado para esa actividade [...] nen familiarizado con a utilización das máquinas alí empregadas [...] dificilmente podería talvez fabricar, empeñando ao máximo o seu traballo, un único alfinete nun día; de calquer xeito, certamente non conseguirá fabricar vinte. Mais da forma como esa actividade está hoxe executada, non so todo o traballo constitúe unha industria específica, senon que está dividido nunha serie de actividades, das cais a maior parte tamén constitúen probabelmente un oficio particular. Un operario desenrola o arame, outro o endereita, un terceiro o corta, un cuarto fai as pontas, un quinto o afía nas pontas para a colocación da cabeza do alfinete; para facer unha cabeza de alfinete requírense 3 ou 4 operacións diferentes; montar a cabeza xa é unha actividade diferente, e alvexar os alfinetes é outra; a propia envoltura dos alfinetes tamén constitúe unha actividade independente. Así, a importante actividade de fabricar un alfinete está dividida en aproximada-

mente 18 operacións distintas, as cuais, nalgúñas fábricas son executadas por persoas diferentes. [...] Eu vin unha fábrica pequena deste tipo que so empregaba a 10 persoas. [...] Mais, aínda que non foxen moi habeis, e por tanto non estivesen particularmente treinadas para o uso das máquinas, conseguían, cando se esforzaban, fabricar en torno a 12 libras de alfinetes por día. Unha libra contén máis de 4 mil alfinetes de tamaño medio. Por conseguinte, esas 10 persoas conseguían producir entre elas máis de 48 mil alfinetes por día. Logo que cada persoa conseguía facer unha décima parte dos 48 mil alfinetes por día, pódese considerar que cada unha producía 4 800 alfinetes diariamente. Se, porén, tivesen traballado independentemente un do outro, e sen que ningún deles tivese sido treinado para esta actividade particular, certamente cada un deles non tería conseguido fabricar 20 alfinetes por día, e talvez nen mesmo 1.” Smith (1776 L.I Cap.I).

Por tanto, 1 persoa traballando a oito apenas podería ter producido en un día 10 alfinetes, cicais 20 alfinetes. Porén, 10 persoas non é que produzan como moito 200 alfinetes nun día, e que conquiren producir 48.000 alfinetes!! De onde sae este morea inxente de alfinetes? A división do traballo dispara a produtividade do traballo. Por qué? Porque ao especializarmos aparecen as ventaxas da división do traballo:

- (i) *Aprendizaxe*: ao realizar unha actividade repetidamente, un traballador adquire destreza na súa realización, e se convirte nun especialista.
- (ii) *Aforro de tempo*. Se un traballador realiza moitas actividades, movéndose dunha actividade a outra, perde moito tempo. Especializarse aforra tempo.
- (iii) *Invención de maquinaria*. Cando unha persoa se especializa nunha actividade, pode pensar cómo mellorar a actividade que realiza, quer inventando novas máquinas, quer descubrindo novos procesos para producir mellor. A especialización permite a observación e a análise sistemática dos problemas que, como vimos na sección 2.2, é unha característica distintiva do novo mundo despois da Idade Media.

Se isto é o que acontece nunha pequena fábrica de alfinetes, podemos imaxinarmos a nivel de toda a economía. Así, Adam Smith considera a economía como unha xigantesca fábrica onde a división do traballo ao longo de todas actividades desenvolvidas na mesma, ocasinan a especialización e, por tanto, a maior produtividade do traballo. Así, a división do traballo leva a unha economía interconectada.

Mais ao especializarse cada membro da sociedade —por exemplo, ao convertirse en radiólogo—, precisa que outros membros da sociedade realicen outras actividades especializadas —por exemplo, producir pan— cos cales realizar intercambios mutuamente ventaxoso. Eis, a división do traballo non é o único elemento que se precisa para o crecemento económico. Eiquí xurde o segundo elemento, inmanente na natureza das persoas: a tendencia humana ao comercio. No seguinte capítulo ao anteriormente mencionado, *Do Principio que da Orixe á Division do Traballo*, Smith escribe:

“Esta división do traballo, da cal derivan tantas vantaxes, non é, na súa orixe, o efecto dunha sabedoría humana calquera, que prevé e procura esa riqueza xeral á cal da orixe. A división do traballo é a consecuencia necesaria, aínda que moi lenta e gradual, dunha certa tendencia ou propensión existente na natureza humana[...]: a propensión a intercambiar, permutar ou trocar unha cousa por outra. [...]

Esa propensión atopámola en todos os homes, e non se encontra en nenhuma outra raza de animais, que non parecen coñecer nen iso nen calquer outra especie de contratos. [...] Endexamáis viu ninguén a un can facer un troco xusto e deliberado dun oso por outro con outro can. Endexamáis viu ninguén a un animal dando a entender a outro, através de xestos ou berros naturais: isto é meu, isto é teu; eu estou disposto a trocar isto por aquilo. Cando un animal desexa obter algunha cousa, dunha persoa ou doutro animal, non dispón de outro medio de persuasión a non ser conseguir o favor daqueles de quen necesita axuda.” Smith (1776 L.I Cap.II).

En resumo, a división do traballo —esta especialización, combinada co intercambio— pon en marcha o crecemento económico dunha sociedade: é a fonte de crecemento económico. De feito, como indica Schumpeter “a división do traballo [para Smith] é practicamente o único factor de progreso económico” *Historia da Análise Económica* (1954, Parte II, Cap. 3.4).

Observe que novamente retornamos á harmonía social resultante das Leis do Mercado. A liberdade individual que permite aos membros dunha comunidade adicarse ás tarefas que eles consideran máis axeitadas, ocasiona que o egoísmo individual leve ás persoas a especializarse. E esa especialización permite aumentar o benestar individual dos membros desa sociedade a través do intercambio. Eis, a necesidade da liberdade de intercambiar os bens que producimos froito da libre especialización para mellorar o benestar social.

4.2.2. A acumulación de capital

Para Smith a sociedade enfréntase a un continuo crecemento económico que redundará no benestar de todos os membros da sociedade. Como é posíbel que ese crecemento económico sexa indefinido? Aca-
bamos de describir que a primeira clave para Smith para explicar a natureza da riqueza dun país: a *di-
visión do traballo*, que permite aos membros dunha comunidade especializarse e incrementar a sua pro-
ductividade; alén diso, unha característica da natureza humana leva ás persoas que se especializaron ao
intercambio.

Nesta sección imos centrarmos na segunda clave: para producir máis, para permitir maior especiali-
zación da sociedade que redunde en maior produtividade e maior crecemento, precísase que parte de
eses gaños froito da división do traballo se acumulen en forma de novas máquinas; é dicir, precísase da
acumulación de capital. Quén acumula capital nunha sociedade?

Eiquí entramos na **teoría da distribución** da riqueza entre as clases sociais. Os fisiócratas considera-
ban que as clases económicas se distinguían entre agricultores, terratenientes e comerciantes, e con-
sideraban que os agricultores eran os que creaban riqueza na economía. Adam Smith disentía cos fisiócra-
tas en que os comerciantes, artesanos e manufactureros non crearan riqueza. Facíaselle difícil crer que os
comerciantes da sua natal Escocia, ou de Inglaterra —“o país dos tendeiros” como el acuñou— non
crearan riqueza na sua actividade. Porén, atopou útil a distinción das clases sociais, e agrupounas nos tres
grupos que observaba na sua época:

- Os **terratenientes**, que eran os donos das terras, non posuían capital, e cunha propensión ao aforro nula;
- Os **traballadores**, que só posuían forza de traballo e, como remuneración á mesma, un salario próximo aos niveis de subsistencia, e por tanto tamén cunha propensión ao aforro nula; e final-
mente,

- Os **capitalistas**, que eran os propietarios da maquinaria, naves industriais, fábricas, etc., é dicir eran os donos do capital produtivo e, por ende, posúen unha alta taxa de aforro.

Observe que se o benestar dos membros dunha sociedade depende do crecemento económico, e éste depende da continua acumulación de capital, entón para mellorar o benestar dunha sociedade débese velar polos intereses daquela clase económica que acumula capital. Así, o interese xeral dunha nación que busca un maior crecemento económico, e por ende dun maior benestar, debe favorecer os intereses da clase capitalista. Mais hai de ter coidado: que os intereses dun país deban levar a “favorecer” os intereses dos capitalistas, non significa que deban “coincidir” cos intereses da clase capitalista. Recordemos que o egoísmo individual *máis* a competencia é o que rixe as decisións humanas e o que leva ao benestar da sociedade. Os intereses dos capitalistas **non** son os intereses do país, como vimos anteriormente, senon os de eles mesmos. O importante é permitir maior liberdade para que os capitalistas poidan exercer a súa iniciativa individual e desenvolver a súa actividade para incrementar a acumulación de capital e o crecemento do país.

A idea da liberdade económica baséase en facilitar a iniciativa individual empresarial que, xuntamente coa promoción da competencia, redundará no benestar do país. Esta conclusión do libro de Smith chocaba co que acontecía na realidade na súa época. Eran os membros da clase terrateniente —os Lores, Duques, etc.— os que pertencían ao Parlamento e quen aprobaban leis que lles favorecían, algunhas delas “no interese nacional.” O exemplo máis patente foron ás Leis dos Cereais (*Corn Laws*), que se ían aprobar en 1815 ao pouco de finar Smith. Ante a caída dos prezos dos cereais despois das Guerras con Napoleón, os terratenientes decidiron que o Estado impuxera continxentes e taxas alfandegarias ás importacións de grao procedente do Continente. Isto ocasionaba que os cereais procedentes das explotacións agrícolas dos terratenientes mantivesen un prezo alto. Mais ao subir o prezo dos cereais, subían os prezos dos bens e, por tanto, dos salarios que había que pagar aos traballadores. Estas Leis dos Cereais, pois, perxudicaban aos capitalistas: parte dos gaños dos capitalistas polo seu esforzo acababa en mans

dos terratenientes polo maior prezo que pagaban os traballadores polos cereais. A loita dos capitalistas pola eliminación das Leis dos Cereais extenderase alén da vida de Smith. David Ricardo (1772-1823) será un activo opositor, e neste debate as aportacións de Smith entrarán con toda a súa forza. Entre os argumentos de Ricardo estarán os proporcionados por Smith referentes a que as Leis dos Cereais entorpecían a acumulación de capital e, por ende, o crecemento económico e o benestar dos membros da sociedade.

4.3 Comentarios finais sobre o libro

O libro de Smith é un exemplo de honestidade académica. Motiva un problema; formula unha pregunta; e, aporta unha resposta. Paga a pena ler o libro porque Smith evita recetas, é franco e non é un doctrinario. Frente aos que o reclaman como valedor implacábel do mercado e a non intervención do Estado na economía —como se foxe un dogma por riba de calquera discusión—, o estilo de Smith é plantexar preguntas difíciles e enfrentarse a elas con tranquilidade sen tratar de ocultar nengún dos problemas cos que se vai atopando no seu camiño. Xa comentamos o seu escepticismo a confiar nos empresarios para mellorar o benestar social, e cómo as súas xuntanzas familiares remataban conspirando contra o mercado. A continuación presentaremos outros exemplos.

Smith describe que o sistema de mercado posúe mecanismos autorreguladores, nas cales o Estado non xoga ningún role. A cuestión é cal é o papel do Estado? Frente a visión dos mercantilistas, Smith defende a **non** intervención do Estado que altere a harmonía social, non se precisa que alguén vele polo “interese público”. Máis Smith non é exactamente un completo crente do *laissez-faire*: non é certo que non teña que xogar ningún papel. Para Smith o goberno só debe facer aquilo que a xente non pode individualmente. Por exemplo, proveer xustiza —é dicer, protexer os dereitos de propiedade—, proveer a seguranza e a defensa, manter traballos públicos e instituzóns que non se poderían manter por falta dun

motivo de lucro —o que hoxe coñecemos por *bens públicos*.

Debemos confiar entón no Estado? Unha vez indicado que o Estado pode ter un papel, Smith tórnase novamente escéptico. Calquer interferencia contra a liberdade dos individuos dunha comunidade resulta ser nocivo para o benestar da sociedade, e calquer interferencia sobre a competencia —especialmente aquela que apela ao “interese da comunidade”— tamén resulta nocivo para o benestar da sociedade. Eis Smith aborrece o apoio do Estado aos monopolios —profesionais, sociais, políticos, etc.—, tal e como apoiaban os mercantilistas, logo que atentan contra o benestar dos membros da sociedade.

Outro exemplo do estilo de Adam Smith atopámoslo na marabillosa explicación de que a división do traballo, a especialización, promove o crecemento económico. Porén, recoñece os seus problemas:

“Co avance da división do traballo, a ocupación da maior parte daqueles que viven do traballo, isto é, da maioría da poboación, acaba restrinxíndose a algunhas operacións extremamente simples, moitas veces a unha ou dúas. Mais a comprensión da maior parte das persoas é formada polas súas ocupacións normais. O home que emprega toda a súa vida executando unas poucas operacións simples, cuxos efectos tamén son, talvez, sempre os mesmos ou máis ou menos os mesmos, non ten ningunha oportunidade para exercer a súa comprensión ou para exercer a súa creatividade no sentido de encontrar medios para eliminar dificultades que nunca ocorren. El perde naturalmente o hábito de dito esforzo, tornándose xeralmente tan parvo e ignorante como poida chegar a ser unha criatura humana. O entorpecimento da súa mente tórnase non só incapaz de saborear ou ter algunha participación en calquer conversación racional, máis tamén de conceber algún sentimento xeneroso, nobre ou tenro. [...] Así, a habilidade que el adquiriu na súa ocupación específica parece ter sido adquirida a costa da súas virtudes intelectuais, sociais e marciais. Logo que en toda sociedade evoluída e civilizada, este é o estado en que inevitavelmente caen os traballadores pobres —isto é, a grande masa da poboación— a menos que o Goberno se tome a molestia de impedir que tal aconteza.” Smith (1776, Libro V, Cap.1, Artigo III)

A división do traballo está ben,... mais Adam Smith identifica un problema: a especialización embrutece á persoa que repite a mesma operación na cadea de montaxe durante toda a xornada laboral, todas as semanas do ano. Isto é un problema, e Smith proporciona unha solución na que o Goberno debe tentar de impedir este embrutecimento das persoas —por curiosidade, o texto está extraído do Artigo III titúlase *Dos Gastos das Institucións para a Instrución da Xente de Todas as Idades*.

Sabías que...

De qué vai o libro?

A *Riqueza das Nazóns* de Adam Smith, publicado en 1776, é un impresionante e grandioso tratado de economía, política económica e finanzas públicas, belamente escrito, cun profundo interese pola natureza humana, e cheio de detalles minuciosos. Porén, tentar lélo completamente pode ser un esforzo titánico. Non so porque ten 1282 páxinas, senon porque está escrito ao estilo da época: enciclopédico, pesado de ler, cheio de “digresións” que se apartan da liña argumental introducindo cuestións “que non veñen a conto” —por exemplo, no Libro I aparece a “Digresión sobre a Variación no Valor da Prata durante os últimos Catro Séculos” exténdese por unhas 90 páxinas(!), ou no Libro IV se indican as estatísticas das capturas de arenque dende 1771—, para logo retornar ao argumento principal no punto onde o deixou. Non é un libro de texto escrito para os seus alumnos, senon que é un libro “académico” escrito para convencer a outros académicos e aos pensadores da época. Como calquer traballo académico: motiva o problema; formula unha pregunta; e, aporta “unha” resposta. O tratado está dividido en 5 libros:

1. “Das Causas da Mellora das Forzas Produtivas do Traballo e a Orden segundo a cual a sua Producción é Naturalmente Distribuída entre as Diversas Categorías da Xente,” no cal se estuda a produción e distribución con especial referencia ao traballo.
2. “Da Natureza, a Acumulación e o Emprego do Capital,” que estuda capital e acumulación.
3. “Da Diversidade do Progreso da Riqueza nas Diferentes Nazóns,” no que se estuda o desenvolvemento económico e as políticas que o apoian.
4. “Dos Sistemas de Economía Política,” que estuda os diferentes sistemas de economía política; e,
5. “Da Recaudación do Soberano ou do Estado,” un tratado de finanzas públicas.

Para orientarmos mellor sobre cáles son exactamente os contidos de cada parte do libro, mellor que nos guíe Schumpeter:

“Son cinco libros. O quinto e máis longo—que ocupa o 28,6% do espazo total— é un tratado prácticamente autónomo de Facenda Pública e convertírase e sería a base de todos os tratados do século XIX na material até que se impuso, especialmente en Alemaña, o punto de vista “social” —que considera á fiscalidade como un instrumento de reforma. A extensión do libro débese á morea de material que contén: o seu tratamento do gasto público, recaudación, e das débeda pública é *fundamentalmente* histórico. [...] O Libro cuarto, aproximadamente da mesma extensión, contén a famosa condena do “sistema comercial ou mercantil” —a condescendiente e benévole crítica da doutrina fisiócrata no noveno é o último capítulo, non precisa comentario algún—, das súas cinzas nace, como o fénix, o sistema político de Smith. De novo o lector enfrentase con moreas de feitos laboriosamente ordeados, con moi pouca teoría e moi simple. [...] O Libro III, que ocupa menos do 4,5% do espazo total, pódese describir como o preludio ao Libro IV, cheo de consideracións xerais dunha natureza histórica fundamentalmente referente ao “progreso natural da opulencia,” o auxe e o comercio das cidades, deformado —inhibido ou promovido— polas políticas seguidas intereses varios. Neste Libro terceiro non ten chamado a atención tanto como parece merecer. Ca súa sabiduría un tanto seca e pouco atractiva, podería ter resultado un bo punto de partida para unha socioloxía histórica da vida económica, nunca hasta agora escrita. Os Libros I e II —que cubren respectivamente o 25% e o 14% do total— tamén desbordando con feitos ilustrativos, presentan os elementos esenciais do esquema analítico de A. Smith. Pódense certamente ler detenidamente como un texto autocontido. Mais o lector que, máis interesado pola teoría que pola “aplicación”, se negue a seguir ca lectura perderá moitos elementos indispensábeis para a comprensión plena da teoría mesma.” Joseph Alois Schumpeter *Historia da Análise Económica* (1954, Parte II, Cap. 3.4.(e))

A obra de Adam Smith iluminou a bretemosa paisaxe das relacións sociais e da organización naquel novo mundo que xurdira tras o medievo e que desconcertaba aos pensadores e filósofos dos séculos XV ao XVIII. Smith explicou non só como funcionaba o novo sistema de organización humana baseado na liberdade individual, no cal cada membro da sociedade decide libremente realizar as actividades que lle parecen máis oportunas. En primeiro lugar, tamén amosou que dito sistema podería funcionar moito mellor que outros sistemas de organización alternativa. A resposta inmediata, de “sentido común”, á pregunta *Cómo será unha sociedade na cal os individuos están guiados polo seu propio interese egoísta e está controlada por un grande número de persoas diferentes?* Sería probabelmente: **será un caos**. Que se teña reclamado unha resposta bastante diferente como certa, e non só dende a ciencia económica senon que impregnara tamén a un grande número de filósofos e pensadores fora desta tradición, débese principalmente ás aportacións de Smith. En segundo lugar, Smith albiscou que neste novo sistema de organización social no cal a sociedade vai encamiñada cara o *crecemento económico continuado* que debe redundar no beneficio de *todos* os membros da sociedade.

Funciona efectivamente o sistema de organización social que Smith explicou? O sistema organizativo descrito por Smith, móvese cara o maior crecemento e maior benestar dos membros da sociedade? Se nos decatamos que Smith escribiu no terceiro cuarto do século XVIII, na época da incipiente Revolución Industrial na cal os traballadores eran tratados como gando, a xornada laboral duraba 14 ou 16 horas, e os nenos traballaban como os maiores, non podemos senon amosar a nosa perplexidade que Smith contemplara un marabilloso mundo no que o crecemento económico reportaría o maior benestar para os cidadáns. Maior liberdade individual para as eleicións da vida dos cidadáns e garantir competencia entre os actores económicos son as receitas de Smith para mellorar a calidade de vida de calquer país. As iniciativas para liberalizar os mercados, eliminar os monopolios e barreiras á entrada, diminuír a interfe-




Figura 5. Evolución do PIB per cápita para o período 1 DC-2008 DC (millóns de dólares de 1990). O novo sistema de organización humana —o *sistema de mercado*, sistema no cal cada membro da sociedade elixe libremente a tarefa que quere desenvolver— que Adam Smith explicou en 1776 no seu libro ***A Riqueza das Nacións***, ten ocasionado a maior explosión de crecemento económico e benestar da historia da humanidade. *Fonte.* Elaboración propia a partir de da base de datos de Angus Maddison *Historical Statistics of the World Economy: 1-2008 AD*

rencias dos Estados nas vidas dos cidadanos por unha parte, así como a necesidade dun Estado que vele pola defensa de ditas liberdades, salvagarde dita competencia, e garanta a igualdade de oportunidades de calquer cidadán son ideas que van nesa liña. O extraordinario crecemento económico das economías e a riqueza xerada dende o século XVIII (ver Figura 5) non parece senon amosarnos aquel marabilloso mundo que Adam Smith albiscaba.

Son precisamente os economistas —dentro da *división do traballo* apuntada por Smith— os que se teñen especializado para explicar ese novo sistema de organización: cando Adam Smith tiña razón,... e cando non. Do profundo impacto que ten tido a obra de Smith, especialmente na ciencia económica, podemos decatarnos da conferencia Coase ao recibir o Premio Nobel de Economía en 1991:

“Durante os dous séculos dende a publicación de *A Riqueza das Nacións*, a principal actividade dos economistas, paréceme a min, ten sido cubrir os buracos no sistema de Adam Smith, corrixir os seus erros e facer a súa análise infinitamente máis exacta.” Ronald Coase (1991)

“The Institutional Structure of Production”

Se consideramos que é un libro escrito en 1776, hai máis de douscentos anos, é unha afirmación moi significativa.

Para saber máis...

- Para saber un pouco máis de Adam Smith, un libro introductorio e moi ameno é o de *Robert L. Heilbroner* escribiu o libro ***The Worldly Philosophers*** —traducido ao portugués por ***A História do Pensamento Econômico*** (Editora Nova Cultural Ltda., 1996). É recomendábel ler o seu capítulo 2 titúlase *O maravilhoso mundo de Adam Smith*. En realidade, é recomendábel ler todo o libro, mormente as últimas edicións na que se inclúe a vida e ideas de autores como Schumpeter.
- Baseándose no libro de Heilbroner, *Timothy Taylor* preparou unas conferencias introductorias moi amenas en formato audio sobre os grandes economistas tituladas ***Legacies of Great Economists*** para *The Teaching Company*. A segunda conferencia titúlase *Adam Smith and the Birth of Economics* (“Adam Smith e o nacemento da Economía”). Por descontado, a nosa recomendación de escoitar todas as conferencias.
- Finalmente, pode ler directamente o libro de Adam Smith ***A Riqueza das Nacións***. Schumpeter recomendanos que leamos os dous primeiros libros... máis aconsella que non nos paremos aí ou nos perderemos parte da esencia das súas aportacións. Aínda que ao “galego” —en grafía galega— non existe nengunha tradución, animámoslle a ler noutra grafía. En grafía portuguesa, hai polo menos tres boas edicións de ***A Riqueza das Nações***: as brasileiras, da colección *Os Economistas* e da Editora Martins Fontes, e a excelente edición portuguesa da Fundação Calouste Gulbenkian.

RESUMO

En esta unidade didáctica nos fixemos catro preguntas:

1. **Quén era Adam Smith?** Smith naceu en Kirkcaldy en 1723. Foi profesor nas universidades de Edimburgo e de Glasgow, na que foi alumno, ocupou a Cadeira de Filosofía Moral e, ao final da sua vida, ocupou o posto honorífico de Reitor. Finou en Edimburgo en 1790. As súas dúas obras máis sobranceiras foron **A Teoría dos Sentimentos Morais** (*A Theory of the Moral Sentiments*) publicada en 1759 e **A Riqueza das Nacións** (*The Wealth of Nations*) publicada en 1776.
2. **Cál era o entorno social e intelectual nos que os traballos de Adam Smith resultaron relevantes?** O grande problema do pensamento social moderno era: *Cómo pode ser posíbel a vida en sociedade non guiada pola autoridade, a fe e o costume?* A esta pregunta diferentes pensadores dende o século XV ao XVII deron dúas respostas diferentes. A primeira resposta argumentaba que o egoísmo natural do home fai que a vida en sociedade sexa **imposíbel**. Por tanto, o Estado absolutista é necesario para a supervivencia e a orde social. A segunda resposta, partindo da hipótese da existencia dunha “benevolencia” natural, que os humanos experimentan sobre outros, argumentaba que os individuos, ao non seren egoístas por natureza, tenden espontaneamente a asociarse entre eles. Esta explicación tiña dous problemas. O primeiro problema é como xustificar a existencia desta “benevolencia” natural —dos “sentimentos morais”. O segundo problema é cómo “casar” o egoísmo individual co benestar social.
3. **Cáles foron as aportacións de Adam Smith?** Adam Smith entra neste debate. En 1759 publica o libro **A Teoría dos Sentimentos Morais** que tenta de dar unha resposta ao primeiro problema, e en 1776 publica o libro **A Riqueza das Nacións**, que trata de resolver o segundo problema.
4. **A primeira aportación: A Teoría dos Sentimentos Morais.** Smith argumenta que os seres humanos posúen unha “*simpatía*” por outros seres humanos. É dicir, posúen unha “*capacidade émpática*” innata para poñerse na situación de outros humanos e entender a sua situación e os seus sentimentos. A resposta de Smith permite explicar porqué os seres humanos poden, en principio, vivir en sociedade en harmonía nunha orde natural.
5. **A segunda aportación: Unha Investigación sobre a Natureza e as Causas da Riqueza das Nacións.**

Smith tenta contestar dúas preguntas neste libro: (i) *Cómo é posíbel que unha comunidade na que cada un persigue activamente o seu propio interese, o resultado non sexa o caos?*; e, (ii) *Cara ónde vai a sociedade?*

6. **Cómo é posíbel que unha comunidade na que cada un persigue activamente o seu propio interese, o resultado non sexa o caos?** A resposta de Smith é identificar as Leis do Mercado. O resultado é que o egoísmo individual limitado pola competencia promove o benestar social. É a *mán invísi-
sível* de Adam Smith. “Ao perseguir o seus propios intereses, o individuo moitas veces promove o interese da sociedade moito máis eficazmente de cando tenta realmente promovelos.” Smith (1776 L.IV Cap.II).
7. **Cara ónde vai a sociedade?** A resposta de Smith é que a sociedade neste sistema de organización social no cal cada membro da sociedade decide qué tarefas quere desenvolver, vai encamiñada cara o *crecemento económico continuado* que debe redundar no beneficio de *todos* os membros da sociedade.
8. **Cáles son as claves do crecemento económico?** Smith identifica as dúas claves: (i) A **división do traballo**, que é a que dispara o crecemento, xunto ca propensión humana a comerciar; e, (ii) A **acumulación de capital**, que é a que guía o crecemento económico
9. **Cál é o legado de Adam Smith na actualidade?** Smith explicou non só como funcionaba un sistema de organización humana baseado na liberdade individual. Tamén, amosou que dito sistema podería funcionar moito mellor que outros sistemas de organización alternativa. Finalmente, albiscou que este novo sistema de organización social no cal a sociedade vai encamiñada cara o *crecemento económico continuado* debe redundar no beneficio de *todos* os membros da sociedade.

ACTIVIDADES

Capítulo 1.

1. **Sobre Voltaire.** Adam Smith coñeceu a Voltaire en Xinebra. Busque información sobre Voltaire e realice unha presentación con transparencias en clase cos seguintes epígrafes: (i) Quén era Voltaire? (Realmente era este o seu nome? En qué anos viviu? Onde viviu? Cando e onde finou?) (ii) Por qué foi un persoaxe relevante? (iii) Qué obras escribiu? (Indique moi brevemente de qué trataban as súas obras) (iv) Existe algún legado das súas ideas actualmente?
2. **Sobre as contribucións dos autores mercantilistas.** A clase debe realizar unha lista de autores mercantilistas (para isto o profesor pode empregar unha ferramenta Wiki). Cada alumno elegirá un autor, buscará información sobre el en internet e realizará unha breve presentación con transparencias en clase cos seguintes epígrafes: (i) Quén era? (cando naceu, onde viviu, a qué se dedicaba, onde e cando finou). (ii) Cáles foron as súas obras? (indicando moi brevemente o contido de cada obra). (iii) Principais ideas (enumerando as ideais que presenta na sua obra). (iv) Crítica (onde se criticará o fundamento ou non de cada unhas das ideas do autor).
3. Edwin Cannan distingue dous tipos de mercantilistas: os bullionistas —autores até finais do século XVI— e os mercantilistas —autores entre o século XVII e principios do século XVIII. Busque a diferenza entre ambos, e explíqueas na aula.
4. Quén eran os cameralistas?

Capítulo 2.

1. Explique aos seus compañeiro o funcionamento do *Tableau Economique*. (Pista. No Apéndice A do libro de Paul M. Sweezy (1942) *Teoría do Desenvolvemento Capitalista* pode atopar un traballo de Shigeto Tsuru “Sobre os esquemas da reproduction”, unha explicación moi sinxela do *Tableau*.)
2. **Sobre as contribucións dos autores fisiocratas.** A clase debe realizar unha lista de autores fisiócratas (para isto o profesor pode empregar unha ferramenta Wiki). Cada alumno elixirá un autor, buscará información sobre el en internet e realizará unha breve presentación con transparencias en clase cos seguintes epígrafes: (i) Quén era? (cando naceu, onde viviu, a qué se dedicaba, onde e cando finou). (ii) Cáles foron as súas obras? (indicando moi brevemente o contido de cada obra). (iii) Principais ideas (enumerando as ideas que presenta na súa obra). (iv) Crítica (onde se criticará o fundamento ou non de cada unha das ideas do autor).

Capítulo 4.

1. Na ***Riqueza das Nacións***, Smith identifica a división do traballo como a fonte de creación de riqueza. Elixan unha actividade económica entre todos os compañeiros de clase (por exemplo, impartir aulas nun colexio ou instituto, un taller de algún tipo). Enumeren todas as actividades que se realizan en esa actividade e indique se as poden realizar persoas diferentes. (O profesor pode empregar un Wiki para esta actividade colaborativa.)
2. Smith, na ***Riqueza das Nacións***, explica que a causa da riqueza das nacións é precisamente a división do traballo. Discuta en clase se aqueles países máis desenvolvidos son aqueles nos que as tarefas que desenvolven os membros da sociedade son máis especializadas. Poña varios exemplos para ilustralo.

Preguntas tipo test

I. Indique se a resposta é verdadeira ou falsa

1. A división do traballo implica a especialización. **Verdadeiro**
2. Adam Smith crea que o benestar do consumidor lográbase a través do mecanismo impersoal do mercado. **Verdadeiro**
3. Adam Smith estaba favorábelmente predisposto cara as clases empresariais e desfavorábelmente contra as clases traballadoras. **Falso**
4. A riqueza das nacións combate a idea do monopolio. **Verdadeiro**

II Escolla unha resposta.

1. A principal implicación da noción de Adam Smith de unha *man invisíbel* era que
 - a) a meirande parte da xente está motivada principalmente polo benestar social.
 - b) a competencia canaliza o comportamento egoísta individual para servir a toda a sociedade.**
 - c) a búsqueda individual do propio interese debe ser controlada.
 - d) a meirande parte da xente perde de vista que é bo para a sociedade.
2. A *man invisíbel* de Adam Smith refírese aos efectos combinados de
 - a) a democracia e a liberdade.
 - b) os impostos e a regulación do goberno.
 - c) o interese egoísta máis a competencia.**
 - d) o monopolio máis o altruismo.
3. A coñecida referencia de Adam Smith á *man invisíbel* significa que
 - a) existen conspiradores non coñecidos polo público que dictan a meirande parte das políticas do goberno.
 - b) o goberno debería regular os monopolios.
 - c) a pura competencia é unha estrutura de mercado de inspiración divina.
 - d) os mercados competitivos non regulados incrementan o benestar económico.**
4. A discusión de Adam Smith da fábrica de alfinete centrouse no incremento de produtividade asociado con
 - a) o libre comercio internacional conforme as ventaxas relativas.
 - b) a especialización da división do traballo.**
 - c) a certeza referente ao nivel de prezos que poideran xerarse no fundamento do patrón ouro.
 - d) o libre comercio internacional conforme as ventaxas absolutas.
5. Adam Smith, na súa *Wealth of Nations*, opinaba que a produtividade do traballo depende principalmente de
 - a) a división do traballo.**
 - b) a apropiada taxa de salarios.
 - c) a educación dos traballadores
 - d) a maquinaria tecnoloxicamente avanzada.

6. Adam Smith identificou tres ventaxas que xurden da división do traballo que levarían a unha maior riqueza económica, a cal **non incluía** a idea de que a división do traballo
- a) reducir a cantidade de traballo requerido para a produción.
 - b) axudaba a cada traballador a perfilar coñecementos especializados.
 - c) incrementar a satisfacción persoal dos traballadores ao realizar un traballo.**
 - d) facilitar invencións de nova maquinaría.
7. Na *Wealth of Nations*, Adam Smith argumenta que a verdadeira riqueza dunha nación atópase na súa habilidade de:
- a) apoiar ás súas empresas de manufacturas na exportación de bens e servizos.
 - b) proveer de bens e servizos aos seus cidadáns.**
 - c) adquirir stocks de capital financeiro.
 - d) inspirar o coraxe e dilixencia aos seus cidadáns.
 - e) poñer impostos aos cidadáns, reinveritr a recaudación de impostos, e ocasionar superávits no seu Tesoro.
8. Adam Smith escribiu o seu *Wealth of Nations* en grande parte como unha refutación das doutrinas de:
- a) a fisiocracia.
 - b) o utilitarismo.
 - c) o liberalismo clásico.
 - d) o capitalismo laissez-faire.
 - e) o mercantilismo.**
9. Adam Smith argumentaba que a riqueza dunha nación está, non no ouro que se posue, senon en:
- a) o seu poder militar.
 - b) o número de habitantes.
 - c) a habilidade de proporcionar bens aos seus cidadáns.**
 - d) o seu capital financeiro nacional.
 - e) o seu investimento externo.
10. A teoría do crecemento económico de Adam Smith baséase en para encetar o proceso, e entón en para continualo.
- a) maiores salarios / o fondo salarial.
 - b) a división do traballo / en maiores salarios.
 - c) a división do traballo / a acumulación de capital.**
 - d) o crecemento explosivo da poboación / as economías a escala.
11. No traballo de Adam Smith, *The Wealth of Nations*, proporcionou unha descrición de cómo
- a) o proceso económico funciona en unha sociedade comunitaria.
 - b) o investimento en edificios e inmoéveis é unha senda segura cara a riqueza.
 - c) o sistema dictatorial é máis eficiente que a democracia.
 - d) un sistema de mercado coordínase polo interese individual egoísta.**

12. Entre as actividades propias que debe realizar un goberno, na visión de Adam Smith, **NON se atopan** que o goberno debería

- a) actuar como un medio para garantir o império da lei e a xustiza.
- b) regular os prezos para garantir que non existan "acordos de prezos".**
- c) manter as institucións públicas e os servizos públicos.
- d) facer respetar os contratos.
- e) protexer a sociedade de invasións exteriores.

13. A *man invisíbel* é

- a) a man de Deus.
- b) a interacción do interese individual e a competencia.**
- c) a manipulación de especuladores situados detrás do escenario.
- d) ningunha das anteriores.

14. A palabra *mercado* na expresión *sistema de mercado* refírese a:

- a) calquer lugar onde se troque.
- b) un sistema no que os prezos monetarios sirven para asignar os recursos.**
- c) os mercados das feiras medievais.
- d) unha sociedade na que os bens se venden en mercados.

15. Smith consideraba que a sociedade avanzaba con:

- a) un incremento da división do traballo e unha maior produtividade.**
- b) o incremento dos coñecementos.
- c) a crecente perfección do home.
- d) ningunha das anteriores.

16. Qué problema **NON** preocupaba a Adam Smith?

- a) o desemprego.**
- b) descubrir as leis da sociedade debaixo do caos aparente.
- c) o benestar dos consumidores.
- d) a división do traballo.

17. Smith miraba con simpatía sobre todo a:

- a) a empresa.
- b) o consumidor.**
- c) a man de obra.
- d) os terratenientes.

18. Smith difería dos fisiócratas en que non crea que a riqueza se derivaba principalmente de:

- a) o ouro.
- b) a terra.**
- c) a prata.
- d) as colónias.

